



SI

O Software Libre nas empresas de Galicia

Edición 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2018

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Software Libre nas empresas de Galicia Edición 2017

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela

2017

Índice

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA	7
I.1.Principais datos do Software Libre	8
I.2. Motivos para non empregar Software Libre	30
II. ANÁLISE SECTORIAL	38
III.ANÁLISE PROVINCIAL	46
IV. CONCLUSIÓNS	54

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste estudo é analizar o nivel de implantación e uso do Software Libre nas empresas de Galicia, contribuíndo ao coñecemento e ao impulso dos modelos baseados en Software Libre e as súas vantaxes competitivas.

Este informe foi realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no marco das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital da Xunta de Galicia 2020 e do Plan de Acción en materia de Software Libre.

O estudo analiza en detalle e, cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada cos principais indicadores de Software Libre, estruturando a información en tres capítulos:

- O Software Libre nas empresas de Galicia: neste capítulo preséntanse os datos máis significativos que ofrecen unha visión xeral da situación, do seu grao de avance e comparativas co resto de Comunidades Autónomas. Ademais, afóndase nas seguintes cuestións:
 - Principais tipoloxías de Software Libre empregadas: sistemas operativos, navegadores de Internet, aplicacións ofimáticas, servidores de web/Internet, aplicacións de Software Libre para o procesamento automático de información tipo ERP/CRM, outras tipoloxías como software de seguridade, plataformas de aprendizaxe e servidores de correo electrónico
 - Motivos para non empregar Software Libre: descoñecemento e falta de motivacións, problemáticas da migración, inercia do mercado, percepción de falta de calidade, falta de apoio das administracións ou outras razóns.
- Análise sectorial: analízase a influencia do tipo de actividade que desenvolve a empresa na adopción do Software Libre, segundo se dedique ao sector da Industria, da Construción ou pertenza ao sector Servizos.
- Análise provincial: analízase a influencia da localización xeográfica da sede da empresa na adopción e uso do Software Libre.

Tamén se ofrece información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

Definición do Software Libre

Entendemos por Software Libre calquera programa informático que pode ser executado, copiado, distribuído, estudado, cambiado e/ou mellorado sen necesidade de permiso nin pago de licenzas de uso ao seu desenvolvedor. De modo máis preciso, Software Libre é aquel que concede aos usuarios as catro liberdades:

- Liberdade 0. Liberdade de usar o programa con calquera propósito.
- Liberdade 1. Liberdade de estudar como funciona o programa e adaptalo ás necesidades particulares. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.
- Liberdade 2. Liberdade de distribuír copias a calquera.
- Liberdade 3. Liberdade de mellorar o programa e facer públicas as melloras, de xeito que toda a comunidade se beneficie. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.

O software que non reúne algunha das liberdades anteriores denomínase Software Privativo. Normalmente o usuario non dispón de acceso ao código fonte e polo tanto nin pode estudalo, nin modificalo; tampouco pode copialo nin distribuílo libremente. Ademais, este tipo de software soe levar aparelado un custe de adquisición de licenzas de uso variable en función do número de usuarios do mesmo.

Fonte de información

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas. Este acordo de colaboración asinado proporciona unha ampliación dos indicadores de Software Libre.

I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA

```
<!DOCTYPE html PUBLIC "-//W3C//DTD XHTML 1.0 Transitional//EN" "http://www.w3.org/TR/xhtml1/DTD/xhtml1-transitional.dtd">
<html dir="ltr" xmlns="http://www.w3.org/1999/xhtml">
  <title>Hello World</title>
  <meta http-equiv="Content-Type" content="text/html; charset=utf-8" />
  <meta name="keywords" content="Hello World" />
  <meta name="description" content="Hello World" />
  <meta name="content-language" content="es" />
  <link rel="stylesheet" type="text/css" href="style.css" />
</head>
<body>
  <div class="container">
    <div style="text-align: center;">
```

- O 88,5% das empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede e/ou actividade en Galicia empregan Software Libre.
- Máis da metade das microempresas (54,4%) galegas usan Software Libre.
- Galicia ocupa a quinta posición nacional das Comunidades Autónomas que máis empregan Software Libre, escalando catro postos respecto do ano 2016.


I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA

I.1. Principais datos do Software Libre

O uso do Software Libre sigue en aumento nas empresas galegas. Cada vez hai máis as empresas na nosa comunidade que deciden introduci-lo entre os seus recursos, aínda que a súa implantación vese influenciada polo tamaño da empresa. Como pódese ver na gráfica, as empresas que contan con 10 ou máis traballadores / as utilizan Software Libre con máis frecuencia que as microempresas; as primeiras superan o 80%, aínda que no caso das microempresas supoñen tamén máis da metade (54,4%).

G.1. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Facendo unha análise da evolución do indicador entre as grandes empresas, destacar un importante aumento porcentual respecto do ano anterior (2,8 puntos nas empresas con actividade en Galicia e 1,4 puntos nas que teñen tamén a súa sede).

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as con Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles do ano 2011

O crecemento destacado anteriormente prodúcese tamén na comparativa nacional. Galicia é a Comunidade Autónoma que ocupa o quinto lugar (despois de Murcia 92%, Comunidade Valenciana 91,9%, Andalucía 91,2% e Castela A-Macha 88,9% superando a outras comunidades como Madrid 87,6% e Cataluña 83,9% e, incluso superando a porcentaxe media das empresas de España.

G.3. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as con Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados/as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


A porcentaxe de microempresas de Galicia que dispoñen de Software Libre tamén aumentou no último ano (4,6 puntos porcentuais) mentres que, no caso das empresas españolas a súa porcentaxe descendeu en 1,5 puntos, diminuindo a diferenza entre o uso de Software Libre coas galegas.

G.4. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as con Software Libre.

Comparativa Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Segundo a tipoloxía de software, nos caso dos sistemas operativos existen diferenzas segundo o tamaño da empresa, aínda que non demasiado elevadas. As empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede e / ou actividade en Galicia son as que rexistran actualmente unha maior porcentaxe de uso de sistemas operativos libres.

G.5. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A TIPOLOXÍA: SISTEMAS OPERATIVOS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Sistemas Operativos libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles do ano 2011

Nunha comparativa territorial, as empresas galegas que utilizan Sistemas Operativos Libres superan porcentualmente á media nacional, 39,6% en Galicia fronte ao 38,9% de España. Na porcentaxe de uso desta tipoloxía Galicia encóntrase nos primeiros postos, só superada por comunidades como Madrid (45,1%), Aragón (43,6%) e Murcia (41,3%), e practicamente igualada á Comunista Valenciana (39,7%).

G.7. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Sistemas Operativos libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados/as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Nas microempresas galegas obsérvase un pequeno aumento respecto ao ano 2016 (0,6 puntos) no uso de Sistemas Operativos libres, mentres que no caso das microempresas de España prodúcese un descenso notorio, pasando do 26,5% no ano 2016 ao 22,7% no 2017; o que supón un descenso de 3,8 puntos porcentuais. As microempresas galegas superan porcentualmente ao conxunto nacional en canto ao uso de Sistemas Operativos libres.

G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Sistemas Operativos libres.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Os Navegadores de Internet son a tipoloxía de Software Libre máis utilizado polas empresas galegas, novamente con maior incidencia de uso entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, que superan o 85%.

G.9. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: NAVEGADORES DE INTERNET

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Obsérvase un crecemento respecto ao ano 2016 en relación ao uso de Navegadores de Internet Libres en empresas de máis de 10 traballadores / as. No caso das que teñen actividade en Galicia a subida é de 3,6 puntos porcentuais e de 2,3 puntos para es que ademais teñen sede na nosa comunidade.

G.10. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Navegadores de Internet libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles do ano 2011

A importancia deste indicador maniféstase tamén na posición que ocupan as empresas galegas a nivel nacional con respecto á súa utilización. Actualmente, Galicia encóntrase nunha destacada cuarta posición, despois de comunidades como Murcia, Comunista Valenciana e Andalucía, pero superando a comunidades como Madrid 84,2%, Aragón 84,1% ou País Vasco 83,3%.

G.11. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Navegadores de Internet de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados/as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


No caso das microempresas galegas, incrementan a dispoñibilidade de Navegadores de Internet de Software Libre en 3,8 puntos porcentuais, mentres que a nivel nacional redúcese o volume de empresas que contan con estas ferramentas con licenza libre (un 55,8% e cunha redución de 1,8 puntos porcentuais menos).

G.12. EVOLUCIÓN DE INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Navegadores de Internet de Software Libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As aplicacións ofimáticas libres son a segunda tipoloxía de software máis presentes nas empresas, chegando ao 61,1% das empresas con 10 ou máis traballadores / as. Nas empresas de 0 a 9 empregados/as, con un significativo aumento respecto ao ano anterior, chega ao 40,5% (subindo 3,4 puntos porcentuais).

G.13. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGÚN TIPOLOXÍA: APLICACIÓNS OFIMÁTICAS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A nivel evolutivo prodúcese unha subida considerable e sostida ao longo dos últimos anos. No último ano, tanto as empresas con actividade en Galicia como as que teñen a súa sede, incrementaron o uso das Aplicacións ofimáticas de Software Libre en máis de dous puntos porcentuais (2,6 puntos nas empresas con actividade en Galicia e 2,4 puntos nas que teñen a sede).

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións ofimáticas de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)




Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Non hai datos dispoñibles do ano 2011

Comparativamente con outras comunidades autónomas, o uso de aplicacións ofimáticas con licenza libre, Galicia volve a superar a media nacional, ocupando a quinta posición. Sitúase por riba de comunidades como Madrid (58,1%) e Cataluña (55,1%).



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE


Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla

As empresas galegas de 0 a 9 traballadores/as teñen en 2017 aplicacións ofimáticas de Software Libre, uns 3,4 puntos que no 2016, cando a tendencia a nivel nacional é cara a unha lixeira redución (2,4 puntos porcentuais menos).

G.16. EVOLUCIÓN DO INDICADOR**Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións ofimáticas libres.****Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Os Servidores de Web ou de Internet Libres, empréganse con intensidade moi diferente nas microempresas en comparación coas empresas máis grandes. Nas empresas con 10 ou máis traballadores / as danse uns porcentaxes do 26,3% no caso das que teñen sede en Galicia e o 31,2% naquelas que teñen actividade en Galicia; nas microempresas a porcentaxe de uso resulta inferior ao 10%.

G.17. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: SERVIDORES DE WEB / INTERNET

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

En canto á súa evolución nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, volve incrementarse a súa dispoñibilidade, especialmente entre as empresas con actividade en Galicia.

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Servidores de web / Internet de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles do ano 2011. No período 2010-2012, o indicador refírese a xestión de contidos web

Observando no mapa as porcentaxes das empresas que utilizan Servidores Web ou de Internet de código aberto, a nosa comunidade sitúase en sétimo lugar, de modo que o 26,3% empregan o recurso de Software Libre. Esta tipoloxía de software destaca en grandes comunidades como Madrid, Comunista Valenciana, Cataluña e País Vasco.

G.19. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Servidores de web / Internet de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as


Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla

Constátase tamén un descenso moderado no uso de Servidores web ou de Internet libres entre as microempresas, moi leve no caso das empresas galegas (0,2 puntos porcentuais) e máis acusado no caso das empresas españolas (1,8 puntos menos).

G.20. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Servidores de web / Internet de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O uso de Aplicacións Libres relacionadas coa automatización de datos dos clientes, pedidos ou organización de produtos, denominadas ERP / CRM continúa sendo reducido nas microempresas (un 4,3%). No caso de empresas con máis persoal, chega ata o 25,6% entre as que posúen máis de 10 traballadores /as con sede e / ou actividade en Galicia.

G.21. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGÚNDO TIPOLOXÍA: APLICACIÓNS PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP / CRM

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Obsérvase un aumento no último ano nesta tipoloxía, acadando o 25,6% nas empresas con sede en Galicia e un 23,2% nas empresas con sede ou actividade na nosa comunidade.

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles do ano 2011

A comparativa territorial indica a porcentaxe de empresas de 10 ou máis asalariados / as nas diferentes Comunidades Autónomas empregan esta tipoloxía. No caso das empresas de Galicia, sitúase en novena posición con respecto ao uso de ferramentas ERP / CRM. Neste caso, a porcentaxe da comunidade Galega (23,3%) é inferior a porcentaxe da media nacional (25,1%).

G.23. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados/as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Observando a evolución das microempresas respecto ao uso de ferramentas ERP / CRM de Software Libre, atopamos un leve descenso en Galicia dun punto porcentual, mentres que, no caso de España, o descenso é de 1,4 puntos porcentuais.

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software Libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Noutro tipo de aplicacións referidas tanto á Seguridade, como Plataformas de aprendizaxe ou Servidores de correo electrónico, produciuse un descenso nas grandes empresas. Por un lado, as empresas con sede en Galicia tivo un descenso de 1,2 puntos, acadando un 34,4%; por outro lado, as grandes empresas con actividade en Galicia experimentou un descenso porcentual de 1,4 puntos (cun 35,8% no ano 2017).

No caso das microempresas, estas observaron un leve aumento de 0,3 puntos.

G.25. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: OUTRAS APLICACIÓNS COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións como Software de Seguridade, Plataformas de aprendizaxe, Servidores de correo electrónico de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE


Nota: Non hai datos dispoñibles anteriores a 2013

Na comparativa respecto ao ámbito xeográfico, as empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as sitúanse na decimo segunda posición a nivel nacional en canto a uso de Software Libre de Seguridade, Plataformas de Aprendizaxe ou Servidores de Correo Electrónico; superando a comunidades como A Rioxa (31,5%), Canarias (32,8%), Castela A Mancha (30,8%) e Estremadura (28,7%).

G.27. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións como Software de Seguridade, Plataformas de aprendizaxe, Servidores de correo electrónico de Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados/as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Tamén se produce un incremento no uso deste tipo de Software Libre en empresas de menor tamaño de Galicia, aínda que este aumento é pequeno (0,3 puntos) mentres que nas empresas nacionais, a súa seu porcentaxe vese reducido no último ano (0,6 puntos).

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións como Software de Seguridade, Plataformas de aprendizaxe, Servidores de correo electrónico de Software Libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

I.2. Motivos para non empregar Software Libre

No seguinte apartado obsérvanse os motivos destacados polos mesmos empresarios á hora de introducir ou instalar o Software Libre na súa empresa. En concreto, os seguintes: descoñecemento de solucións e a falta de referencias acerca de produtos de Software Libre, os problemas que conleva a migración, a inercia do mercado, a percepción da falta de calidade deste tipo de solucións ou a falta de apoio e descoñecemento do mesmo por parte de organismos públicos e empresas para facer a adopción de Software Libre.

G.29. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O descoñecemento de solucións ou a falta de referencias acerca dos produtos de Software Libre é o motivo máis citado polas microempresas (na gráfica anterior). No caso das grandes empresas, o porcentaxe non chega ao 5% aínda que tamén é un dos motivos máis citados para non empregar esta tipoloxía de software.

**G.30. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE:
DESCOÑECIMENTO DE SOLUCIÓNS E FALTA DE REFERENCIAS SOBRE PRODUTOS DE SOFTWARE
LIBRE**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Cabe salientar que comparando as respostas das empresas galegas e nacionais, observamos como este descoñecemento é máis elevado nos empresarios da nosa comunidade no caso das microempresas, xa que as grandes empresas o porcentaxe é moi similar.

G.31. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Motivos para non empregar Software Libre: Descoñecemento de solucións e falta de referencias sobre produtos de Software Libre

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A preocupación acerca da posibilidade de ter problemas ocasionados pola migración a sistemas ou aplicacións libres é a razón para frear o uso do Software máis citada polas microempresas cunha un maior porcentaxe (8,1%) que as empresas con 10 ou máis traballadores / as (4,4%).

Respecto das empresas nacionais, tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis traballadores / as en España, atopamos unha porcentaxe levemente maior que afirma non empregar aínda Software Libre pola probabilidade de ter problemas coa migración dos produtos de software que xa teñan implantados.

**G.32. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE:
OS PROBLEMAS QUE PODEN CONLEVAR A MIGRACIÓN (p.ex. interoperabilidade con outros produtos
xa implantados)**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.33. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

**Motivos para non empregar Software Libre: Os problemas que poden
conlevar a migración (p. ex. Interoperabilidade con outros produtos xa
implantados)**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A obxección da propia inercia do mercado, como obstáculo para instalar ou utilizar novos sistemas ou aplicacións de Software Libre é máis manifestado polas microempresas (10,8%) que polas empresas con máis persoal (3,3%).

As microempresas galegas citan esta razón en maior medida (un 10,8%) que a nacionais (un 7,6%). No caso das empresas de 10 e máis traballadores / as a situación é a inversa un 3,3% nas galegas fronte a un 4,4% nas empresas nacionais.

G.34. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE: A INERCIA DO MERCADO


(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.35. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA**Motivos para non empregar Software Libre:****A inercia do mercado**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Outro dos motivos polo cal non empregan Software Libre é a percepción de que pode existir falta de calidade nese tipo de solucións de software. Dito motivo é mais pronunciado polas microempresas (9,3%) que polas empresas de 10 ou máis traballadores / as (un 1,9%).

Comparando os resultados das empresas galegas coas nacionais destaca que as microempresas galegas manifestan en maior medida que as empresas nacionais o motivo de que estas solucións posúen menor calidade; xustamente o contrario no caso das empresas de 10 ou máis traballadores / as nas que as empresas nacionais de maior tamaño opinan que hai falta de calidade no Software Libre.

G.36. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE: A PERCEPCIÓN DA FALTA DE CALIDADE DESTE TIPO DE SOLUCIÓNS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.37. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Motivos para non empregar Software Libre: A percepción da falta de calidade deste tipo de solucións

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A percepción de que hai falta de apoio dos organismos públicos para a utilización do Software Libre é outra razón que expoñen os empresarios. De novo, destaca a porcentaxe das microempresas que posúen esa percepción, un 10%, fronte ao 2,9% (2,3 puntos menos que no ano 2016) de empresas de 10 ou máis traballadores / as.

**G.38. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE:
FALTA DE APOIO E DESCOÑECIMENTO DO MESMO POR PARTE DOS ORGANISMOS PÚBLICOS Á
EMPRESAS PARA A ADOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE**


(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.39. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA
Motivos para non empregar Software Libre: Falta de apoio e descoñecemento do mesmo por parte dos organismos públicos á empresas para a adopción do Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

II. ANÁLISE SECTORIAL




- O Sector Servizos destaca por ter un maior número de empresas que empregan Software Libre, cun 62%.
- O tamaño da empresa inflúe no manexo de Software Libre, especialmente nas empresas do Sector Servizos, onde un 92% das empresas de 10 ou máis traballadores / emprega aplicacións ou sistemas libres.

II. ANÁLISE SECTORIAL

No presente capítulo analízase o uso do Software Libre dende a perspectiva da actividade das empresas. Deste xeito, analizaremos a influencia do sector de actividade (Industria, Construción e Servizos) no emprego do Software Libre e das diferentes aplicacións con licenza libre.

Respecto ao sector de actividade, as empresas dedicadas ao Sector Servizos, independentemente do número de traballadores / as que posúan, son as que máis utilizan o Software Libre.

G.40.EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Referíndonos concretamente aos Sistemas Operativos Libres, destacan de novo as empresas do Sector Servizos, tanto nas grandes como nas pequenas empresas galegas, cun 45,3% nas de 10 ou máis e 26,8% nas de 0 a 9 traballadores / as.

G.41.EMPRESAS QUE EMPREGAN SISTEMAS OPERATIVOS LIBRES SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Segue sendo o Sector Servizos a actividade na que atopamos unha maior porcentaxe de empresas de 10 ou máis traballadores /as que utilizan Navegadores de Internet Libres (un 88,8%). En empresas con menos persoal, destaca o Sector da Industria no cal manifestan o 57,6 dos empresarios o uso de Navegadores Libres.

G.42. EMPRESAS QUE EMPREGAN NAVEGADORES DE INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As empresas do Sector Servizos destacan polo uso de Aplicacións Ofimáticas libres, tanto nas empresas de 0 a 9 asalariados / as (45,4%) como nas de 10 ou máis traballadores / as (65%).

G.43. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS OFIMÁTICAS DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O tamaño da empresa reflicte de xeito significativo na utilización de Servidores Web. Tanto as empresas de máis de empregados /as como as empresas de 0 a 9 traballadores /as destaca o Sector Servizos.

G.44.EMPRESAS QUE EMPREGAN SERVIDORES DE WEB / INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nas empresas de 0 a 9 traballadores / as do sector Servizos atopamos tamén un maior uso de aplicacións libres de procesamento automático de datos (programas tipo ERP ou CRM) cun 5,8%, mentres que nas de maior tamaño, destaca o Sector Industria cun maior uso deste tipo de aplicacións (27,7% das empresas).

G.45.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP / CRM SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As aplicacións libres como Software de Seguridade, Plataformas de Aprendizaxes ou Servidores de Correo Electrónico, están presentes en maior medida nas empresas do Sector Servizos, tanto nas microempresas (22,4%) como naquelas que posúen máis persoal (un 39,2%).

G.46. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

III. ANÁLISE PROVINCIAL




- **As microempresas da provincia de Pontevedra destacan por un maior o uso do Software Libre: 60,1%.**
- **As empresas ubicadas en Lugo, de 10 ou máis traballadores /as, presentan un moi elevado uso: 97,1%.**

III. ANÁLISE PROVINCIAL

Este derradeiro capítulo contén a visión do uso do Software Libre tendo en conta a ubicación xeográfica das empresas galegas.

Na provincia de Pontevedra é onde hai unha maior porcentaxe de microempresas que usan Software Libre mentres que no caso das empresas de 10 ou máis traballadores / as destacan as implantadas na provincia de Lugo, cun 97,1% que afirman usar Software Libre.

G.47. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

En canto ás empresas que empregan Sistemas Operativos libres, son as empresas lucenses cun tamaño de 0 a 9 traballadores / as, as que presentan unha presenza de Sistemas operativos libres máis frecuente (28,3%). Entre as empresas de maior volume de traballadores, de 10 ou máis empregados, máis da metade das empresas con sede en Ourense recoñecen o uso de Sistemas operativos libres (53,2%).

G.48.EMPRESAS QUE EMPREGAN SISTEMAS OPERATIVOS LIBRES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As microempresas de Pontevedra destacan como as que utilizan en maior medida Navegadores de Internet de Software Libre, nun significativo 57,7%. Sen embargo, entre as de maior volume de persoal a maior prevalencia desprazase á provincia de Lugo, sendo un recurso practicamente universal entre as empresas de 10 ou máis traballadores (93%).

G.49.EMPRESAS QUE EMPREGAN NAVEGADORES DE INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As empresas de Lugo con 10 ou máis traballadores /as destacan polo seu uso das aplicacións ofimáticas libres (un 74,8%). As microempresas de Pontevedra, cun 46,1%, destacan por enriba das empresas situadas noutras provincias.

G.50.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS OFIMÁTICAS LIBRES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As microempresas de Pontevedra sobresaen fronte ao resto de provincias galegas pola porcentaxe de Servidores de Web/Internet que traballan en entorno de Software Libre, cun 11,3%. Sen embargo, nas empresas de 10 ou máis traballadores /as destacar as da provincia da Coruña, cun 29,2%, sendo as empresas pontevedresas as que posúen a menor porcentaxe de uso do recurso.

G.51. EMPRESAS QUE EMPREGAN SERVIDORES DE WEB / INTERNET DE SOFTWARE LIBRE

SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Analizando o indicador de empresas que empregan Aplicacións Libres para o Procesamento Automático de tipo ERP / CRM, as empresas de maior tamaño de Ourense teñen a maior porcentaxe de utilización neste tipo de aplicacións libres (un 40,9%), mentres no caso das microempresas sobresaen as da provincia de Pontevedra cun porcentaxe do 5,5%.

G.52.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP / CRM SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Por último, o uso doutras Aplicacións Libres como Software de Seguridade, ou Plataformas de Aprendizaxe, etc. as empresas de 0 a 9 traballadores / as destaca porcentualmente a provincia de Pontevedra cun 24,2%, mentres que nas de 10 ou máis traballadores / as, observase que as empresas da Coruña presentan un porcentaxe do 39,7%.

G.53.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Posición global

- O uso do Software Libre aumenta novamente no ano 2017, continuando a liña ascendente e sostida marcada na última década. Nas microempresas o crecemento foi de 5,6 puntos porcentuais, mentres que nas grandes empresas o aumento da utilización de Software Libre foi de 2,8 puntos no caso das empresas con actividade e de 1,4 puntos porcentuais nas que tamén teñen sede en Galicia.
- A porcentaxe de empresas que utilizan Software Libre está altamente influenciado polo tamaño da empresa: o 54,4% das empresas de 0 a 9 traballadores/as empregan Software Libre, elevándose considerablemente nas de 10 ou máis asalariados /as (ata o 88,5% entre as que contan con sede ou actividade en Galicia).

Tipoloxía: os navegadores de Internet e as aplicacións ofimáticas seguen sendo a tipoloxía de aplicacións libres con maior presenza nas empresas galegas.

- Navegadores de Internet libres: é a tipoloxía de Software Libre que posúen máis empresas de Galicia. Nas de 10 ou máis traballadores/as chega ata o 85,4% e a un 48,6% nas empresas de 0 a 9 empregados /as.
- Aplicacións ofimáticas libres: as aplicacións ofimáticas libres ocupan o segundo posto en canto á tipoloxía de Software Libre máis empregada. Nas empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as é dun 61,1% e nas microempresas dun 40,5%.
- Sistemas Operativos libres: en terceiro lugar destaca o uso de sistemas operativos libres, presentes nun 42,2% en empresas de 10 ou máis empregados /as e nun 22,9% das microempresas.
- Servidores Web / Internet: a presenza de este tipo de servidores web ou de Internet libres en empresas de 10 ou máis traballadores /as é dun 31,2%; nas microempresas é dun 8,8%, subindo 0,9 puntos respecto ao ano pasado.
- ERP/CRM libres: o uso deste tipo de programas de licenza libre sube nas empresas de maior tamaño, chegando ata o 25,6% nas de 10 ou máis traballadores /as.

- **Barreiras á implantación do Software Libre: vinculadas ao tamaño das empresas**

- O principal obstáculo que impide a implantación do Software Libre nas microempresas, en opinión das propias organizacións é o descoñecemento das solucións libres ou a falta de referencias, segundo manifestan o 14,9% delas.
- Nas empresas de 10 ou máis traballadores /as, tanto as que teñen sede como actividade en Galicia, a principal motivación para non traballar con Software Libre refírese ao temor polos problemas que poida producir a migración.

- **Análise sectorial**

- O sector Servizos destaca polo seu maior uso de Software Libre tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis traballadores / as como nas de 0 a 9 (cun 92% e 62% respectivamente).

- **Análise provincial**

- As empresas de 0 a 9 traballadores /as situadas na provincia de Pontevedra destacan polo uso maior de Software Libre: o 60,1% recoñece dispoñer do recurso; nas de máis persoal, son as de Lugo (cun 97,1%) as que maior uso fan do Software Libre.

- **Propostas de actuación**

- Tendo en conta que os principais obstáculos para que continúe a penetración de Software Libre son o descoñecemento ou falta de referencia, as actuacións de cara a promover ou dar a coñecer o Software Libre son unha importante medida para aumentar a utilización do recurso.
- Outra medida a salientar é a referida a potenciais obradoiros ou demostracións de funcionamento de produtos libres, onde a perspectiva empírica en un asesoramento particularizado ás necesidades das empresas tendo en conta o seu tamaño podería facilitar a formación aos usuarios.

Fontes de información

<i>Datos referentes a Galicia</i>	<i>2014, 2015, 2016, 2017</i>	<i>OSIMGA</i>
<i>Datos referentes a Galicia e España</i>	<i>2014, 2015, 2016, 2017</i>	<i>INE</i>

